



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 178/143

ASUNTO: INFORME SOBRE OS PLANS ORZAMENTARIOS DE MEDIO PRAZO

GRUPO DE CONSOLIDACIÓN: Entidade, XMU, Fundacións: MARCO, C.BURAU

PERÍODO: 2022-2024 MARCO ORZAMENTARIO

MINISTERIO: HACIENDA

PRAZO LÍMITE DE REMISIÓN: 15/03/2021

En cumprimento do previsto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, as Administracións Públicas elaborarán un plan orzamentario a medio prazo, no que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos seguintes:

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Cumprimento co obxectivo de sostibilidade financeira, que ten a súa expoñente no coeficiente de débeda pública.

Cumprimento co obxectivo de sostibilidade da débeda comercial.

Cumprimento coa regra de gasto de acordo á evolución da taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto da economía Española.

Así mesmo, este marco servirá para dar cumprimento ao requirimento previsto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/21012, sobre as liñas fundamentais do Orzamento que serán remitidas antes do 15 de setembro de cada ano.

O período que conterà o marco, ten que abarcar tamén a previsión de Liquidación do ano precedente, neste caso, a do orzamento do ano 2021.

I.- PRAZO E CONTIDO MÍNIMO DO PLAN

- Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto das respectivas Administracións Públicas.
- As proxeccións dos principais conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.





- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.
- Unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar á sostibilidade a longo prazo das finanzas públicas.
- A información sobre os pasivos contingentes, como son as garantías públicas e préstamos morosos, que poidan incidir de maneira significativa nos orzamentos públicos.
- O período mínimo é de tres anos.

II.- LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

III.- DETALLE DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO

- As proxeccións dos conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.

O Ministerio de Facenda, está a requirir que antes das 24 horas do día 15/03/2021, por ser este o último día que está aberta a plataforma, se faga a remisión da información sobre os marcos orzamentarios para o período 2022-2024, seguindo os criterios establecidos na Guía editada ao efecto que figura na páxina web do MINHAC.

O artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo artigo Único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro está definido.





O artigo 6 da Orde, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

- Entidade local principal .
- Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.
- Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local.

O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica créase o 27/09/2001. A participación ten causa na transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas, estando definido como Consorcio Autónomo, formando parte do Grupo de consolidación da Xunta de Galicia.

En consecuencia co anterior, as devanditas sociedades e o CCVV, non forman parte do perímetro de consolidación.

O perímetro que conforma o grupo de Consolidación establecido polo MINHAC para o Concello de Vigo, que figura na paxina web, diferenciando os entes sectorizados dos dependentes, está delimitado polas seguintes institucións:





Entidade Local
Xerencia Municipal de Urbanismo
Fundación MARCO
Fundación C.BUREAU

IV.- TAXA DE REFERENCIA DE CRECEMENTO DA ECONOMÍA ESPAÑOLA.

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade elaborar periodicamente un informe de avaliación da situación da economía española que se prevé para o período do marco.

O Devandito informe conterá, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que limitará a variación do gasto das Administracións Públicas.

Non hai taxa de referencia para o ano 2021, tampouco para os anos seguintes, polo que a evolución do gasto para o marco orzamentario non se coñecerá até que sexa aprobada polo Consello de ministros e ratificada polas Cortes Xerais o criterio de evolución do gasto.

Tampouco hai escenario en relación cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e endebedamento.

V.- ORZAMENTO DE PARTIDA AOS EFECTOS DE FIXAR O MARCO ORZAMENTARIO

Ao obxecto de dar cumprimento á información solicitada en relación cos marcos orzamentarios para o período 2022-2024, pártese da situación da Liquidación Orzamentaria do ano 2020, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 09/02/2021, da que, segundo previsto, darase conta ao Pleno do Concello na sesión ordinaria do 31/03/2021.

A previsión de liquidación do Orzamento do ano 2021, está calculada segundo a información contida a esta data, tendo en conta os índices de execución dos históricos.

Hai que facer especial fincapé nas dificultades que supón proxectar unha liquidación tendo en conta a situación tan extraordinaria, que afecta á execución normal, tanto do estado de gastos como de ingresos.

Tampouco se pode tomar en consideración a Liquidación do ano 2020, condicionada polos efectos da pandemia ocasionada pola COVID 19, que en aplicación do previsto no apartado 4 dá Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, quedaron en suspenso os procedementos de contratación, agás aqueles expedientes que tivesen como finalidade acometer actuacións asociadas aos efectos da pandemia. Esta suspensión estivo vixente até o 7 de maio, data na que entra en vigor o Real Decreto Lei





17/2020, de 5 de maio, no que se levanta a suspensión dos procedementos de contratación pública suspendidos coa declaración do estado de alarma. A situación extraordinaria do ano 2020, non permitiu o cumprimento dos obxectivos previstos de execución do Orzamento.

En canto as previsións de futuro, ao tratarse dun marco orzamentario, tamén se está a ter en conta para os anos 2022-2023, unha estimación dos Fondos de Recuperación e Resiliencia, outra parte dos mesmos, é de esperar, que tendo en conta o plan de execución até o 2023, formarán parte do orzamento definitivo do ano 2021.

Coa excepción anterior e a variación tendencial do gasto e dos ingresos, non se adoptaron a esta data, decisión algunha que supoña un aumento ou redución do gasto, nin reaxuste de servizos. As variacións contidas neste marco, teñen causa nas directrices que forman parte do expediente dadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda coa estrutura de competencias vixentes e consolidadas.

En relación ás modificacións que se materialicen en determinadas competencias que poden ser obxecto de variación pola modificación do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por aplicación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local e Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes operadas pola entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, na que se establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

En aplicación do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, coa modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, non hai maiores cargas orzamentarias en relación con novos servizos, estando reflectidas as dotacións para dar cobertura ás obrigas que se estiman van xurdir da execución das competencias en vigor.

VI.- COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DOS MARCOS ORZAMENTARIOS.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, será aprobado pola Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro da TRCPIB, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar ou rexeitar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente.

En execución dese mandato legal, tendo en conta as directrices de formación, elaborouse o marco orzamentario que agora vai ser sometido á aprobación. Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da





Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda, os marcos orzamentarios correspondentes ao período 2022-2024, sen prexuízo dos axustes que se fagan ano a ano en función das variacións que xurdan e alteren o marco, e tamén coas limitacións en canto a evolución dos ingresos, en especial, a participación nos ingresos do Estado e a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma.

VII.- CRITERIOS TIDOS EN CONTA PARA A FORMACIÓN DOS MARCOS ORZAMENTARIOS

Para o ano 2021, o Marco Orzamentario vai a reflectir os estados de liquidación previstos, manténdose nas previsións de peche a variación tendencial con axustes polos efectos da pandemia.

En relación cos anos 2022-2024, estase a avaliar as previsións iniciais tanto no estado de gastos como no de ingresos.

As previsións iniciais teñen orixe na Liquidación orzamentaria aprobada do exercicio 2020, as previsións de peche do ano 2021, que figuran neste documento, e as variacións tendenciais tendo en conta a previsión de variación do PIB previsto para o período, que en ningún caso se espera que a a variación do ano 2021 e a prevista para o ano 2022, compense a caída tan abrupta do ano 2020.

Tendo en conta o anterior, no formulario F.2.3, fanse os axustes correspondentes entre os dereitos recoñecidos e a recadación prevista para os capítulos I, II e III. Coa excepción do ano 2020, afectado pola caída na recadación, en todos os exercicios é maior a recadación de corrente e pechados que as previsións de ingresos, en consecuencia, non se van a facer axustes de recadación

Os axustes de ingresos que se fan no período do marco Orzamentario, alcanzan aos pagos por compensación que reflicten os formularios do MINHAC polas retencións correspondentes á Liquidación negativa da Cesión de Impostos e Fondo Complementario de Financiamento (FCF) dos anos 2008-2009. Como non é coñecido o alcance da liquidación negativa do ano 2020, que será coñecida no ano 2022 e empezará a compensarse no ano 2023 e a posible do 2021, que terá o seu primeiro impacto no ano 2024, non se fan os axustes nos anos 2022-2024.

Tendo en conta as directrices achegadas para a formación do Marco Orzamentario, os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc.

Para os ingresos, a análise de partida ten a súa orixe na Liquidación do ano 2020 e a avaliación previa dos ingresos a liquidar previstos para ano 2021.

En canto a previsión de liquidación do ano 2021, os estados de gastos e ingresos están avaliados tendo en conta a corrente tendencial dos últimos anos e o contexto actual, de aí, que se manteñan





practicamente estables, coa excepción tendencial nalgúns dos ingresos que queda amosada na estrutura e cuantificación dos mesmos que avaliou a Sra. Directora de Ingresos no proceso de formación do proxecto de orzamentos do ano 2021.

No ano 2021, están en suspenso o cumprimento das regras fiscais. Tamén se ten autorizado os empregos financiados co RLTTG, sen que o mesmo vaia ter impacto nos obxectivos, por estar estes en suspenso.

Da estimación da liquidación, tendo en conta os empregos financiados co remanente líquido de tesourería, hai necesidade de financiamento, é dicir, está previsto un déficit.

Os estados de información que se enviarán ao MINHAC engloba o período correspondente ao 2021-2024 (Liquidación 2021 e Marco 2022-2024).

VIII.- ÍNDICE DE EXECUCIÓN PREVISTA PARA O ANO 2021 E VARIACIÓN PARA OS ANOS 2022/2024

Os criterios tidos en conta para avaliar a execución do estado de gastos, teñen a súa orixe na serie histórica. Como se pode verificar nas táboas que se incorporan, sempre se prevé unha execución maior que a media, garantindo deste xeito que se vai dar cumprimento á Liquidación prevista para o ano 2021.

Índice previsto de execución por capítulos dos estados consolidados e variacións

Gastos

Cap.	%
1	91,00%
2	95,00%
3	50,00%
4	95,00%
5	
6	74,00%
7	75,00%
8	75,00%

% de variación por capítulos, CONCELLO				
Cap.	Gastos			
	2022	2023	2024	
1	0,00%	0,50%	0,50%	
2	0,27%	0,50%	0,50%	
3	0,00%	0,00%	0,00%	
4	-5,00%	0,00%	0,00%	
5	0,00%	0,00%	0,00%	
6	30,00%	20,00%	0,00%	
7	-50,00%	0,00%	0,00%	
8	0,00%	0,00%	0,00%	

% de variación por capítulos, XMU				
Cap.	Gastos			
	2022	2023	2024	
1	0,00%	0,50%	0,50%	
2	0,00%	0,00%	0,00%	
3	0,00%	0,00%	0,00%	
4	0,00%	0,00%	0,00%	
5	0,00%	0,00%	0,00%	
6	0,00%	0,50%	0,50%	
7	0,00%	0,00%	0,00%	
8	0,00%	0,00%	0,00%	





IX.- ESTADO DE GASTOS

Capítulo I

A previsión de liquidación é dun 91%.

Polo que se refire á plantilla, o Concello de Vigo ten, segundo os datos incorporados pola área de Recursos Humanos e Formación para a formación do Orzamento do ano 2021, un total de 323 vacantes.

Nas previsións de execución deste capítulo, tívose en conta as OEP pendentes de execución: que se conforman de 209 prazas por quenda libre e 49 por promoción interna, as restantes, son prazas non asociadas a ningunha OEP.

No ano 2021, están en execución as probas selectivas das prazas do servizo de extinción de incendios das OEP dos anos 2018-2019, e están pendentes de empezar as do servizo da Policía Local das mesmas OEP.

Esta é a causa pola que se estima que a execución vai estar nunha previsión entre o 90% e 91%.

En canto aos anos 2022-2024, como a información hai que avaliala en termos de previsión inicial non de execución, tomouse como base de cálculo as previsións iniciais do ano 2021, e sobre a mesma, aplícanse os criterios que figuran nas directrices que forman parte do expediente do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, (gastos de persoal).

Neste capítulo non se está a prever variación algunha en relación coas previsións iniciais do ano 2021. Esta previsión ten causa na extraordinaria situación da economía, polo tanto, estimamos como criterio de prudencia o mantemento da contía do capítulo 1, e se fose necesario a actualización retributiva habería que facela coa amortización de prazas non asociadas a ningunha OEP.

Engádesse a esa porcentaxe os gastos das Fundacións MARCO e CONVENTION BUREAU correspondentes ao capítulo de persoal. A fundación FAIMEVI que estaba sectorizada, foi excluída do Inventario de Entes polo MINHAC, estaba sin actividade por estar en liquidación.

Capítulo II

O capítulo II no ano 2021 está calculado en termos de liquidación, polo que, as obrigas previstas son inferiores que as inicialmente orzamentadas, sendo as previsións de execución dun 95%. En relación co período 2022-2024, avalíase en termos de gasto inicialmente previsto, polo que, tomando como referencia os créditos iniciais do orzamento consolidado do ano 2021, aplícase unha variación tendencial que se reflicte nas directrices e reproducida na táboa do apartado VIII.





Nos estados de referencia, reflíctese o gasto das Fundacións MARCO e CONVENTION BUREAU, xunto cos da Entidade e o O.A.A (XMU). Non se reflicten novos servizos que supoñan unha alteración cuantitativa, senón que se se aumenta algún gasto é a costa de diminuír outro como fonte compensatoria de financiamento (pay-go) ou de suma cero.

Para o período 2022-2024, a xustificación na variación neta do gasto nun 0,27%₍₂₀₂₂₎, 0,50%₍₂₀₂₃₎ e 0,50%₍₂₀₂₄₎, está en que no mes de abril do ano 2022, entra en vigor o contrato integral de recollida, tratamento, limpeza e contenerización, o cal, vai supor algunha variación á alza, en sentido contrario, producirase a baixa no orzamento inicial do plan de asfaltado, que no ano 2021 tivo dotación inicial por tratarse dun convenio asinado coa Excm. Deputación ao peche do ano 2019 que non se materializou no ano 2020. O resto serán axustes propios dos contratos. Outra das aplicación que non terá continuidade con previsión inicial e o Programa Vigo pola inserción Laboral financiado pola Administración Central, que remata no ano 2021. Tendo en conta os axustes á baixa e as previsións de alza en algún contrato ou insuficiencias detectadas, a variación neta neste capítulo vai a ser positiva, aínda que, con escasa relevancia.

Como norma de estabilidade na estrutura de custes dos servizos, hai que considerar a nula variación que experimentan os contratos pola aplicación do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, manténdose o prezo do contrato segundo a oferta e contrato asinado.

O financiamento afectado no período 2022-2024 que se reflicte no PAIF.

O financiamento afectado deste capítulo no orzamento do ano 2021, segundo os axentes cofinanciadores é o que se relaciona na táboa seguinte, como se pode observar, neste orzamento están incluídos determinados financiamentos que non se repiten no marco orzamentario, e que xerarán un axuste á baixa.

Aplicación	Proxecto	Emprego	Axente financiador, contía do seu financiamento					
			DUSI	Adif	Xunta	M. Fomento	A. Central	D. Ponteved.
2410.2270610	18241051	DUSI, OT9: LA18 Emprendedores e E PYMES	240.317,56					
2310.2270611	18231011	DUSI, OT9: LA20 Mell. procesos xest. interna	17.600,00					
1539.2260200	18153900	DUSI, comunicación, obxectivos -liñas	40.000,00					
2310.2279901		Lei dependencia, Plan concertado, X. Galicia			4.167.372,00			
3112.		CEDRO, Xunta de Galicia			535.618,00			
2410.2279920	20241020	Proxecto Vigo pola Inserción Laboral					779.986,35	
1532.2100004	20153214	Plan de asfaltado en barrios						1.000.000,00
1510.2270602		Redacción PXOM; XMU			205.700,00			
1510.2279907		Oficina rehabilitación, XMU			144.473,90			
Total			625.572,68	,00	5.053.163,90	,00	779.986,35	1.000.000,00
			7.458.722,93					





Capítulo IV

Nas previsións feitas, estanse a manter a transferencia as Fundacións, as dotacións as políticas de emprego, axudas para alimentos, axudas á carencia enerxética, axudas para alugueiros, becas e libros de comedor, subvencións ao deporte, axudas aos usuarios do Transporte urbano colectivo, comedores sociais, etc, é dicir, a estrutura vixente do ano 2021 é a proxectada para o marco orzamentario. Estase a manter a base do Plan Estratéxico de Subvencións en formación.

Ao tratarse de estados consolidados, están eliminadas as transferencias internas entre o Concello e o OA. Xerencia Municipal de Urbanismo. Do mesmo xeito, elimínase as transferencias de financiamento non finalista que se fai ás Fundacións sectorizadas: MARCO e CONVENTION BUREAU, xa que están incluídas dentro do perímetro de consolidación aos efectos do SEC-2010, Regulamento (UE) nº 549/2013.

Proxección de variación prevista para o período 2022-2024, é dun -5,00%₍₂₀₂₂₎, 0,00%₍₂₀₂₃₎ e 0,00%₍₂₀₂₄₎.

A xustificación da minoración no ano 2022, ten causa en que algunhas achegas que tiveron carácter puntual no ano 2021 e outras que cofinanciaban eventos na cidade que non teñen continuidade e por último un menor uso de TUC que terá impacto nunha menor contía de recursos neste capítulo.

A previsión de execución deste capítulo para o ano 2021, prevese nun 95%.

Financiamento afectado deste capítulo no orzamento do ano 2021.

Aplicación	Proxecto	Emprego	Axente financiador, contía do seu financiamento					
			DUSI	Adif	Xunta	M. Fomento	A. Central	D. Ponteved.
4411.4700001		Subvención ao Transporte Urbano Colectivo	0	,00	0		1.295.527,00	0,00

Capítulo V.- Fondo de continxencia.

Sin variación. O artigo 31 da LOEPSF, regula o fondo de continxencia. A contía e as condicións de aplicación da devandita dotación será determinada por cada Administración Pública no ámbito das súas respectivas competencias.

A Base 5ª bis das de Execución do Orzamento, desenvolve os criterios de aplicación e contía.

Capítulo VI

O capítulo de investimentos, ademais do financiamento propio, ten previsto o cofinanciamento doutras administracións.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2021 12:40	Páxina 10 de 20
	Expediente 178/143	CSV: 2HE5DA-BE5885-C8DH3E-ARK9H3-9C6PJ3-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Na previsión da execución do Orzamento do ano 2021, está engadida a incorporación de remanentes que afecta a este capítulo por unha contía de 55.424.735,69 euros. As modificacións cuantitativas que se tramiten no transcurso do exercicio no se estiman, xa que terán financiamento afectado ou cofinanciadas. Se fosen financiadas co Recurso financeiro que conforma o RLT, no ano 2021 o estar en suspenso o cumprimento das regras fiscais, non tería impacto. En relación coa porcentaxe de execución dos créditos definitivos, espérase que cheguen a fase de recoñecemento da obriga unha porcentaxe do 74,00%.

Para o horizonte 2022/2024, entre os investimentos que van a ser financiados con acordos de cofinanciamento doutras administracións, están os que se corresponden coas anualidades do FEDER, Programa EDUSI, Ministerio de Fomento pola anualidade da mellora na Avda. De Madrid e axustes de financiamento dos convenios vixentes coa Excm. Deputación de Pontevedra e os que correspondan cos Fondos de Recuperación e Resiliencia (MRR), que se está a facer unha estimación prudente para os anos 2022-2023, sen prexuízo dos que xe xeren no exercicio 2021. En relación aos fondos do MRR, a súa contía afecta ao estado de gastos e de ingresos, podendo variar o cofinanciamento dos mesmos entre o 50%-80%. Estase a tomar a información sobre a base do Plan de Investimento Financiamento 2021-2024 (PAIF)

Os investimentos de cada un dos exercicios do Marco Orzamentario, van a estar condicionados pola execución, polo que si algún dos proxectos previstos para o ano 2021, non chegase a fase de adjudicación e tivese financiamento afectado na súa totalidade ou en parte, habería que volvelo a orzamentar.

As circunstancias que afectan aos proxectos de investimentos pola incorporación dos informes sectoriais, pode, e de feito así acontece, atrasar en moitos casos a data inicial de execución do proxecto.

O financiamento afectado do marco orzamentario, reflíctese no PAIF, coa excepción do fondos correspondentes ao MRR. En canto ao cofinanciamento que se reflicte no orzamento do ano 2021, é o seguinte:

Aplicación	Proxecto	Emprego	Axente financiador, contía do seu financiamento					
			DUSI	Adif	Xunta	M. Fomento	A. Central	D. Ponteved.
2310.6320010	20231010	DUSI,OT9,LA21,Restrut. A.Social	432.000,00					
2310.6320011	20231011	DUSI, OT9, LA 19,80% Inv.P. COLECT. RIS	518.400,00					
23106400012	21231012	DUSI, OT, . LA20 Mellora proc. Xestión interna	259.200,00					
9207.6260003	18920703	DUSI, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, equipos	138.516,08					
9207.6400005	18920715	DUSI,OT2, LA4, Plataf. smart city, Inmaterial	115.912,32					
9207.6400004	18920714	DUSI, OT2, LA3, identidade cidadá,	80.000,00					
9207.6400006	18920716	DUSI, OT2, LA5, Open Government	52.800,00					
1532.6090090	19153290	Obras túnel acceso a estación Intermodal		3.805.379,28	793.619,28			
1532.6190091	19153291	Hum. Avd. Madrid (Seminario Pza. España)				1.497.617,69		
9330.6320010	14933010	Investimento mellora E. F. Balaídos						2.940.000,00
Total			1.596.828,40	3.805.379,28	793.619,28	1.497.617,69	0,00	2.940.000,00
			10.633.444,65					





LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS PREVISTA DO ANO 2021 E MARCO ORZAMENTARIO 2022-2024

Aválíase cada ente do perímetro de consolidación por separado, no estado consolidado xa se reflicten os axustes de consolidación que figuran na táboa de AXUSTES DE CONSOLIDACIÓN.

GAST.		2021			2022		2023	2024
Cap.	Inicial	Créditos def.	%	Estimado Oblig.Recon.		Previsto		
1	70.028.171,00	70.581.391,24	91,00%	64.229.066,03	70.028.171,00	70.378.311,86	70.730.203,41	
2	131.201.728,50	136.280.612,92	95,00%	129.466.582,27	131.555.973,17	132.213.753,03	132.874.821,80	
3	8.530,00	8.530,00	50,00%	4.265,00	8.530,00	8.530,00	8.530,00	
4	32.959.797,18	33.122.855,86	95,00%	31.466.713,07	31.311.807,32	31.311.807,32	31.311.807,32	
5	600.000,00	600.000,00		,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00	
6	25.517.628,30	81.169.896,68	74,00%	60.065.723,54	33.172.916,79	30.621.153,96	20.000.000,00	
7	1.429.385,44	1.527.775,88	75,00%	1.145.831,91	714.692,72	714.692,72	714.692,72	
8	500.000,00	500.000,00	75,00%	375.000,00	500.000,00	500.000,00	500.000,00	
Total	262.245.240,42	323.791.062,58	88,56%	286.753.181,82	267.892.091,00	266.348.248,89	256.740.055,25	

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

GAST.		2021			2022		2023	2024
Cap.	Inicial	Créditos def.	%	Estimado Oblig.Recon.		Previsto		
1	5.423.369,74	5.423.369,74	91,00%	4.935.266,46	5.423.369,74	5.450.486,59	5.477.739,02	
2	1.802.391,84	2.014.507,84	78,00%	1.571.316,12	1.802.391,84	1.802.391,84	1.802.391,84	
3	,00	,00	0,00%	,00	,00	,00	,00	
4	,00	,00	0,00%	,00	,00	,00	,00	
5	,00	,00		,00	,00	,00	,00	
6	268.000,00	1.957.345,71	50,00%	978.672,86	268.000,00	269.340,00	270.686,70	
7	70.000,00	3.967.308,05	50,00%	1.983.654,03	70.000,00	70.000,00	70.000,00	
8	32.000,00	32.000,00	65,00%	20.800,00	32.000,00	32.000,00	32.000,00	
Total	7.595.761,58	13.394.531,34	70,85%	9.489.709,47	7.595.761,58	7.624.218,43	7.652.817,56	

FUNDACIÓN MARCO

GAST.		2021			2022		2023	2024
Cap.	Inicial	Créditos def.	%	Estimado Oblig.Recon.		Previsto		
1	295.045,00	295.045,00	100,00%	295.045,00	295.045,00	296.520,23	298.002,83	
2	504.955,00	504.955,00	100,00%	504.955,00	505.964,91	508.010,33	509.311,82	
3	1.000,00	1.000,00	100,00%	1.000,00	1.505,09	1.505,09	1.505,09	
Total	801.000,00	801.000,00	100,00%	801.000,00	802.515,00	806.035,65	808.819,74	





FUNDACIÓN CONVENTION BUREAU

GAST.		2021			2022	2023	2024
Cap.	Inicial	Créditos def.	%	Estimado Oblig.Recon.		Previsto	
1	181.383,13	181.383,13	100,00%	181.383,13	181.383,13	182.290,05	183.201,50
2	305.101,87	305.101,87	100,00%	305.101,87	305.917,87	305.829,41	307.107,03
4	3.515,00	3.515,00	100,00%	3.515,00	3.515,00	3.515,00	3.515,00
Total	490.000,00	490.000,00	100,00%	490.000,00	490.816,00	491.634,46	493.823,53

CONSOLIDADO con axustes de consolidación

GAST.		2021			2022	2023	2024
Cap.	Inicial	Créditos def.	%	Estimado Oblig.Recon.		Previsto	
1	75.927.968,87	76.481.189,11	91,00%	69.640.760,62	75.927.968,87	76.307.608,71	76.689.146,76
2	133.814.177,21	139.105.177,63	95,00%	131.847.955,26	134.170.247,79	134.829.984,61	135.493.632,49
3	9.530,00	9.530,00	50,00%	5.265,00	10.035,09	10.035,09	10.035,09
4	32.963.312,18	33.126.370,86	95,00%	31.470.228,07	31.315.322,32	31.315.322,32	31.315.322,32
5	600.000,00	600.000,00		,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00
6	25.785.628,30	83.127.242,39	74,00%	61.044.396,40	33.440.916,79	30.890.493,96	20.270.686,70
7	1.499.385,44	5.495.083,93	75,00%	3.129.485,94	784.692,72	784.692,72	784.692,72
8	532.000,00	532.000,00	75,00%	395.800,00	532.000,00	532.000,00	532.000,00
Total	271.132.002,00	338.476.593,92	87,90%	297.533.891,29	276.781.183,58	275.270.137,41	265.695.516,08

AXUSTES DE CONSOLIDACIÓN

GSTO.	4				7		
	CONCELLO	XMU	MARCO	CB	XMU	MARCO	CB
	-6.679.965,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00
INGR.		-5.829.965,00	-650.000,00	-200.000,00	,00	,00	,00





X.- INGRESOS

Os criterios de variación á alza son axustes técnicos, a variación tendencial que se incorpora apenas modifica as previsións contidas no Orzamento vixente, tamén inferior que a senda prevista para a variación do PIB, que se espera, segundo as estimacións, un rebote importante no período 2021-2023, que permita compensar o desplome do ano 2020.

Previsión de liquidación do ano 2021 e variación na previsión inicial para o marco orzamentario

Cap.	%
1	100,00%
2	100,00%
3	105,00%
4	98,00%
5	100,00%
6	
7	80,00%
8	75,00%

% de variación por capítulos, CONCELLO				
Cap.	Ingresos			
	2022	2023	2024	
1	0,60%	0,50%	0,00%	
2	1,00%	1,00%	1,00%	
3	1,50%	1,00%	1,00%	
4	1,00%	-1,00%	-5,00%	
5	1,00%	0,00%	1,00%	
6	0,00%	0,00%	0,00%	
7	31,00%	15,00%	-40,00%	
8	0,00%	0,00%	0,00%	

% de variación por capítulos, XMU				
Cap.	Ingresos			
	2022	2023	2024	
1	0,00%	0,00%	0,00%	
2	0,00%	0,00%	0,00%	
3	0,00%	2,00%	2,00%	
4	0,00%	0,00%	0,00%	
5	0,00%	0,00%	0,00%	
6	0,00%	0,00%	0,00%	
7	0,00%	0,00%	0,00%	
8	0,00%	0,00%	0,00%	

As previsións no estado de ingresos, en canto a contía da cesión dos Tributos do Estado que veñen representados pola cesión dunha porcentaxe dos impostos: IRPF, IVE e II.EE, así como o Fondo Complementario de Financiamento (FCF), para o período 2022-2024, no se prevé variación, manténdose as contías previstas para o ano 2021. Aínda que está previsto un rebote no PIB para o período do marco orzamentario, tamén hai unha realidade, as entregas a conta do ano 2021, están por encima da recadación que está a facer a AGE, consecuentemente, a incerteza sobre este ingreso é moi alta, de aí que se optase por manter a mesma contía.





En relación cos ingresos propios, non se prevé unha variación dos mesmos, máis aló da taxa de variación natural dos índices específicos que lle sexan de aplicación que teñen causa nos axustes técnicos.

Para os tributos propios (IBI, IAE, IVTM, IIVTNU e ICIO), a base de cálculo é a prevista no Orzamento do ano 2021, base coherente coa do ano 2020, aínda que dadas as especiais circunstancias acontecidas no ano 2020, non se acadaron os obxectivos inicialmente previstos, aínda que non se consideran extrapolables ao marco orzamentario, e en menor medida, á liquidación do orzamento do ano 2021.

O capítulo III, prevese unha variación tendencial moi prudente, inferior ca recadación prevista.

Capítulo IV. A contía do FCF, representa un 83% das previsións deste capítulo, que a súa vez, contempla a Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, o Plan de dependencia, o cofinanciamento do CEDRO e a axuda estatal ao transporte público. O criterio de evolución é o de manter a mesma previsión que a do ano 2021.

No capítulo VII, reflíctense os acordos e convenios vixentes, segundo a táboa do epígrafe IX, na que figuran como axentes cofinanciadores de proxectos:

Excma. Deputación de Pontevedra.

FEDER, Programa EDUSI.

Ministerio de Fomento pola anualidade da mellora da Avda de Madrid.

As previsións de cofinanciamento dos mecanismos de recuperación e resiliencia (MRR). Como é coñecido, as EE.LL van a xestionar directamente unha contía destes fondos, Importe total: 140 mil millóns, 11% PIB 2019, 72 mil millones en forma de transferencia a fondo perdido, resto, préstamos, a devolver (2028-2058).

72 mil millones período 2021-2023.

MRR: 60 mil millóns.

REACT-EU: 12 mil millóns

Os datos que se amosan nas táboas correspondentes ao marco orzamentario, son o resultado da consolidación en relación coa Liquidación do ano 2020 o orzamento aprobado para o ano 2021 e as previsións de Liquidación do Orzamento do ano 2021. Os distintos capítulos son o resultado da suma da Entidade Local, o seu Organismo Autónomo XMU e as Fundacións sectorizadas. Todos os entes que conforman o perímetro de consolidación amosan previamente os estados separados. A información destes entes sectorizados, unificase na suma dos recursos e empregos non financeiros. Por último, incorpóranse os estados consolidados, as previsións de obxectivos fanse sobre os estados consolidados.





LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS PREVISTA DO ANO 2021 E MARCO ORZAMENTARIO 2022-2024

INGR.	CONCELLO DE VIGO						
	2021		%	Estimado Derech. Rcon	2022	2023 Previsto	2024
Cap.	Créditos def.						
1	113.666.541,40	113.666.541,40	100,00%	113.666.541,40	114.348.540,65	114.920.283,35	114.920.283,35
2	8.975.743,44	8.975.743,44	100,00%	9.012.218,60	9.065.500,87	9.156.155,88	9.247.717,44
3	40.709.477,00	40.709.477,00	105,00%	42.744.950,85	41.475.024,91	41.889.775,15	42.308.672,91
4	84.650.720,37	86.009.442,18	98,00%	84.289.253,34	85.497.227,57	84.642.255,30	80.410.142,53
5	2.811.396,00	2.811.396,00	100,00%	2.811.396,00	2.839.509,96	2.839.509,96	2.867.905,06
6				,00	,00	,00	,00
7	10.931.362,21	10.931.362,21	80,00%	8.745.089,77	14.321.192,79	12.556.724,05	6.643.353,31
8	500.000,00	60.687.100,35	75,00%	375.000,00	500.000,00	500.000,00	500.000,00
Total	262.245.240,42	323.791.062,58	80,81%	261.644.449,96	268.046.996,75	266.504.703,70	256.898.074,60

INGR.	XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO						
	2021		%	Estimado Derech. Rcon	2022	2023 Previsto	2024
Cap.	Créditos def.						
1	,00	,00	0,00%	,00	,00	,00	,00
2	,00	,00	0,00%	,00	,00	,00	,00
3	1.382.622,68	1.382.622,68	100,00%	1.382.622,68	1.382.622,68	1.411.079,53	1.439.678,66
4	6.180.138,90	6.180.138,90	100,00%	6.180.138,90	6.180.138,90	6.180.138,90	6.180.138,90
5	1.000,00	1.000,00	100,00%	1.000,00	1.000,00	1.000,00	1.000,00
6				,00	,00	,00	,00
7	,00	,00	80,00%	1.910.000,00	,00	,00	,00
8	32.000,00	5.830.769,76	65,00%	20.800,00	32.000,00	32.000,00	32.000,00
Total	7.595.761,58	13.394.531,34	70,88%	9.494.561,58	7.595.761,58	7.624.218,43	7.652.817,56

INGR.	FUNDACIÓN MARCO						
	2021		%	Estimado Derech. Rcon	2022	2023 Previsto	2024
Cap.	Créditos def.						
3	51.000,00	51.000,00	100,00%	51.000,00	51.765,00	52.282,65	52.805,48
4	750.000,00	750.000,00	100,00%	750.000,00	750.750,00	753.753,00	756.014,26
Total	801.000,00	801.000,00	100,00%	801.000,00	802.515,00	806.035,65	808.819,74





CONCELLO DE VIGO

DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 178/143

INGR.	FUNDACIÓN CONVENTION BUREAU						
	2021		%	2022		2023	2024
Cap.	Créditos def.			Estimado		Previsto	
			Derech. Rcon				
3	272.000,00	272.000,00	100,00%	272.000,00	272.816,00	273.634,45	275.823,52
4	218.000,00	218.000,00	100,00%	218.000,00	218.000,00	218.000,00	218.000,01
Total	490.000,00	490.000,00	100,00%	490.000,00	490.816,00	491.634,45	493.823,53

INGR.	CONSOLIDADO con axustes de consolidación						
	2021		%	2022		2023	2024
Cap.	Créditos def.			Estimado		Previsto	
			Derech. Rcon				
1	113.666.541,40	113.666.541,40	100,00%	113.666.541,40	114.348.540,65	114.920.283,35	114.920.283,35
2	8.975.743,44	8.975.743,44	100,00%	9.012.218,60	9.065.500,87	9.156.155,88	9.247.717,44
3	42.415.099,68	42.415.099,68	105,00%	44.450.573,53	43.027.322,84	43.470.316,97	43.918.961,21
4	91.798.859,27	93.157.581,08	98,00%	91.437.392,24	92.646.116,47	91.794.147,20	87.564.295,70
5	2.812.396,00	2.812.396,00	100,00%	2.812.396,00	2.840.509,96	2.840.509,96	2.868.905,06
6	,00	,00		,00	,00	,00	,00
7	10.931.362,21	10.931.362,21	80,00%	10.655.089,77	14.321.192,79	12.556.724,05	6.643.353,31
8	532.000,00	66.517.870,11	75,00%	395.800,00	532.000,00	532.000,00	532.000,00
Total	271.132.002,00	338.476.593,92	80,49%	272.430.011,54	276.781.183,58	275.270.137,41	265.695.516,08

Desagregación por impostos segundo requirimento, capítulos 1 e 2, coa cesión de tributos (IRPF, IVE e II.EE) aparte, así como no capítulo 4, separación do FCC do resto das transferencias e subvencións.

Concepto	Liq. prevista		Estimación	
	2021	2022	2023	2024
IBI	71.160.000,00	71.586.960,00	71.944.894,80	71.944.894,80
IAE	13.500.000,00	13.453.921,52	13.426.937,43	13.336.077,25
IVTM	14.900.000,00	14.989.400,00	15.064.347,00	15.139.668,74
IIVTNU	7.500.000,00	7.725.000,00	7.879.500,00	7.879.500,00
ICIO	2.000.000,00	2.040.000,00	2.142.000,00	2.249.100,00
CESION	13.618.760,00	13.618.760,00	13.618.760,00	13.618.760,00
RESTO 1-2				
FCF	70.820.810,00	70.820.810,00	70.820.810,00	70.820.810,00
RESTO 4	20.616.582,24	21.825.306,47	20.973.337,20	16.743.485,70



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 178/143

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 31/03/2021 12:40

Páxina 17 de 20

CSV: 2HE5DA-BE5885-C8DH3E-ARK9H3-9C6PJ3-EH



XI.- AXUSTES

No ano 2021, como os datos reflecten a previsible liquidación, faise o axuste de recadación e a compensación pola Liquidación negativa no FCF e Cesión de Impostos dos anos 2008-2009.

Para os seguintes anos 2022/2024, non se consideran outros axustes, coa excepción da compensación polas liquidacións negativas da Participación nos tributos do Estado dos anos 2008/2009, xa que as previsións iniciais de ingresos nos capítulos I a III, son o resultado da recadación do exercicio corrente e pechados, de aí, que non se faga un axuste na recadación en relación coas previsións iniciais, sendo a recadación definitiva de exercicios correntes e pechados por unha contía superior que as previsións iniciais, polo que non procede axuste de recadación.

Tampouco se ten a cuantificación das liquidacións dos anos 2020 e 2021 (Cesión tributos e FCF), polo que non se incorporan como axustes.

Para o capítulo V, o criterio é o de liquidación. Nos capítulos IV e VII, a liquidación (DRs) prodúcese cando se cumpre o compromiso, é dicir, cando hai recoñecemento da obrigas do gasto elixible, polo que, nestes capítulos non hai axustes.

AXUSTES DE RECADACIÓN							
Cap.	DRN cerrado	DRN corrente	% Rc.pech.	% Rc. Corrt.	Corrente Recadación	Pechados Recadación	Axuste
1	37.185.941,55	113.666.541,40	16,63%	91,70%	104.232.218,46	6.184.022,08	-3.250.300,86
2	722.917,28	9.012.218,60	13,30%	99,20%	8.940.120,85	96.148,00	24.050,25
3	30.669.713,71	44.450.573,53	10,12%	85,20%	37.871.888,65	3.103.775,03	-3.474.909,85

CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E DÉBEDA VIVA (Grupo consolidado)

CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO				
Magnitudes de cálculo	2021	2022	2023	2024
Recursos corr.NF consolidados	261.379.121,77	261.927.990,79	262.181.413,37	258.520.162,77
Empregos corr.NF consolidado	232.964.208,95	242.023.574,07	243.062.950,74	244.108.136,66
Capacidade/necesidade corr.NF	28.414.912,82	19.904.416,72	19.118.462,63	14.412.026,11
Recursos cap.NF consolidados	11.050.889,77	14.853.192,79	13.088.724,05	7.175.353,31
Empregos cap.NF consolidado	64.569.682,34	34.757.609,51	32.207.186,68	21.587.379,42
Capacidade/necesidade cap.NF	-53.518.792,57	-19.904.416,72	-19.118.462,63	-14.412.026,11
Capacidade/necesidade Axustes	-25.103.879,75	,00	,00	,00
Recadación	-6.701.160,46			
Liquidación Cesión e FCF 2008	543.137,28	45.260,92		
Liquidación Cesión e FCF 2009	2.110.929,24	175.999,67		
Entrega 12/2020, CL 1/2021	-6.858.246,45			
Entrega 12/2021, CL 1/2022	7.038.618,80			
Total axustes	-3.866.721,59	221.260,59	,00	,00
Endebamento	,00	,00	,00	,00
Capacidade/necesidade axustada	-28.970.601,34	221.260,59	,00	,00





XII.- CONCLUSIÓNS

As previsións de gastos para o período 2022-2024, son variacións tendenciais, avaliando en cada caso, os convenios asinados e as achegas doutras administracións.

A avaliación da execución previsible por capítulos, ten o seu fundamento nas ratios de execución dos últimos anos, estimando unha execución de 1 punto por enriba da media, polo que se está a considerar unha execución de máximos.

Sobre os créditos iniciais do capítulo 1, faise a dotación obrigatoria para dar cobertura orzamentaria a todas os postos que conforman a RPT, que non xerará na súa totalidade obrigas recoñecidas polas vacantes non asociadas a ningunha OEP e polas OEPs que non se executen dentro do mesmo ano que se aproba. No obstante, optase por traballar cunha previsión de execución do 91%, que xa representa 1,3 puntos por enriba da real do ano 2019 e de 6 puntos en relación co ano 2020.

O mesmo criterio é aplicable ao capítulos 2, é obrigatorio facer as dotacións orzamentarias axeitadas aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que para licitar, é necesario ter unha dotación suficiente para a totalidade do gasto inicialmente autorizado para o ano.

No entanto o anterior, en aplicación do Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010), o gasto computable é o resultado en termos de obrigas recoñecidas, polo que, cada ano hai un gap importante entre o gasto autorizado e o executado.

A execución esperada nos termos de cómputo do SEC-2010, prevese nun 95,00%, axeitado en relación cos índices históricos.

Para o capítulo 4, as obrigas previstas computables, estarán arredor do 80,00%, porcentaxe que se ven materializado en anos precedentes.

Para o capítulo 6, tendo en conta a incorporación de remanentes, o índice de execución imputable será próximo ao 74%.

Consecuencia do anterior, as diferencias entre as dotacións iniciais e a contía das obrigas recoñecidas, son as inexecucións. Estes axustes son os que en termos previsionais, permiten avaliar o cumprimento da Regra de gasto no procedemento de aprobación do orzamento.

En fase de liquidación do orzamento, xa non cabe falar de axustes por inexecucións, o cómputo o representa os créditos que chegaron á fase de recoñecemento da obriga.

O marco orzamentario de medio prazo, está formado ca análise do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de sostibilidade da débeda financeira e de débeda comercial, todo elo sen prexuízo da suspensión da mesma para os anos 2020-2021.





Sobre as previsións de investimento, teñen a súa orixe na capacidade de aforro, é dicir, financiamento propio máis os convenios vixentes coa Excm. Deputación de Pontevedra, co Ministerio de Fomento, FEDER polo Programa EDUSI e co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, este capítulo está a reflectir, con algún axuste o contido do PAIF para eses anos.

En relación coa variación dos ingresos propios, as variación son de axuste técnico, non hai variacións.

Nas previsións dos ingresos pola cesión de Impostos estatais (IRPF, IVE e II.EE) e FCF, pola PICA e demais ingresos, non se computan variacións.

Os Plans orzamentarios de medio prazo elaborado para o período 2022-2024, serán enviados ao MINHAC para dar cumprimento ao requirimento dos mesmos antes do día 15/03/2021.

Darase conta ao Pleno da Corporación da Resolución adoptada pola Alcaldía.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O responsable superior contable e orzamentario (Resolución de data 25/02/2016): Luís García Álvarez

Fiscalización de conformidade, O Interventor Xeral Municipal : Alberto Escariz Couso

